

Cangas a 20 de maio de 2022

Estimados pais/nais de alumnos/as:

A Dirección do centro quere informarnos da Orde do 29 de abril de 2022 (DOG 18 maio 2022), pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/2023.

Esta orde integra as diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto dos niveis obrigatorios de ensino:

- Á participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria. Segundo o artigo 2 da orde, garantiránse un mínimo de 6 libros de texto para os de renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € e 4 libros de texto para os de renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €.
- Axudas para adquirir libros de texto en 1º e 2º de educación primaria. Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 €.
- Axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria. Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €.

Para o cálculo da **renda** per cápita da unidade familiar terase en conta o **exercicio do 2020**; e calcularase, sumando os **recadros 435 e 460** da renda dos membros da familia que obtiveran ingresos, este sumatorio dividirse entre o número de membros da unidade familiar (se na unidade familiar existe algún membro cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou que perciban unha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez computará como dous membros).

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto teñen as seguintes obrigas:

Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2021/22. (Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP). **A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2022/23.** Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2022/23 e devolvelos ao rematar este no mes de xuño.

A solicitude, **Anexo I e Anexo II**, que adxuntamos con esta circular, será **única para todos os fillos** escolarizados no mesmo centro, xunto coa seguinte documentación:

a) **Fotocopia do libro de familia** ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. No caso de non ter o libro de familia ou se a situación familiar, o 31 de decembro de 2020, non coincida coa reflectida no libro, deberán presentar documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.

- Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
- b) Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
- c) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar
- d) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- e) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

A entrega da documentación realizarase ata o 22 de xuño(inclusive)

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (ED330B - anexos I y II) dispoñible na aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/fondolibros> a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. No caso de presentarse no centro, o horario será:

- En maio, de 9:30 a 17:00 h.

- En xuño de 9:00 a 14:30 h.

Os prazos para realizar actos de xestión nas diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto son os que se detallan a continuación:

- **9 de xullo:** Publicación de listaxes provisional de solicitudes admitidas e excluídas. As persoas interesadas poderán reclamar o 11 e 12 de xullo.

- **20 de xullo:** Publicación de listaxes definitivas e entrega dos libros de texto de 4º, 6º Educación Primaria, 2º e 4º ESO. Entrega dos vales para a adquisición de libros de texto (1º e 2º Primaria) e dos vales de material (Primaria e ESO).

- **Inicio de curso:** Entrega dos libros de texto de 3º, 5º Educación Primaria, 1º e 3º ESO.

Segundo o artigo 23 desta Orde, o centro nunca expedirá un novo vale, en caso de que a persoa beneficiaria ou a librería o extravíen.

Aproveitamos para lembrar que, as familias que o desexen, poden ceder voluntariamente ao fondo solidario do centro os libros de texto que non fosen mercados coas axudas do curso 2021/2022.

Atentamente.

A DIRECCIÓN